


Notas Biográficas do Artista

Xaquín Chaves



A linguagem das emoções

Na produción artística de Xaquín Chaves (nasceu en 1959, em Vilaxoan, Pontevedra) uma grande parte do seu esforço criativo concentra-se na construción de uma linguagem pessoal cujos conteúdos adquirem uma dimensión universal. Esta é uma das principais características da sua obra, conhecida desde finais da década dos anos 70.

Em meados dos anos 8o, participa na mostra de Arte “Artistas Galegos na Frontera”, que teve como comissário o crítico e teórico Antón Castro. As propostas dos artistas seleccionados tiñham em comum o facto de serem semelhantes, em formato e conteúdo, às obras apresentadas nessa altura nos principais museus e galerías do mundo. Esta Mostra foi exhibida no Castelo Doña Urraca, em Salvaterra do Miño, e reuniu um grupo de criadores de vanguardia, entre os quais figurabam artistas ‘atlánticos’ e outros autores, numa eficaz intención integradora. Ao longo desses anos e até à década dos anos 9o, Xaquín Chaves organiza o seu discurso visual com um expressionismo figurativo vigoroso, de códigos cromáticos e gestuais singulares, ao servizo da celebración da paisagem, da flora e da fauna.

Durante este período, para além de realizar exposições individuais e participar em exhibições colectivas, a sua obra é seleccionada para participar em vários certames e bienais: nas de Zamora e Albacete e, na Galiza, na convocatoria da Fundación Araguaney de Santiago. Participa tamébem nas edicións I e II da Mostra da Unión Fenosa, realizadas na Corunha.

A partir dos anos 9o, a obra de Xaquín Chaves evolui para uma abstracção, tamébem expressionista, evidenciada em obras de grande formato. O ritmo das suas exposições é cada vez mais dinámico, sendo convidado a expor em espaços institucionais, nomeadamente na Casa de la Parra, em Santiago de Compostela e na Casa Galicia, em Madrid. Neste mesmo período, as suas obras são conhecidas em França, Portugal e Buenos Aires. Em 1998, na edición da feira Arco, o Museo de Arte Contemporáneo da Unión Fenosa (MACUF) presenta um quadro seu, abstracto, de grande formato.

Os novos cenários criativos e expositivos deste artista, impulsioñam-no a concentrar o seu traballo num novo estudio, situado em Ribadumia, Pontevedra. Inicia, tamébem, a sua colaboración com a galería Atlántica, na Corunha, com a exposición *A materia da cor*, considerada outra inflexão na sua elaborada técnica cromática. Com esta galería participa em feiras de arte, entre elas o “Espacio Atlántico”, em Vigo, “ArtMadrid”, na “Feira de Arte Contemporânea”, em Lisboa e na “PortoArte”.

Em 2003, Xaquín Chaves realiza a sua primeira exposición ontológica – *No bosque de trazos e Cronos* - na Casa das Artes de Vigo. Constitui uma selecção de obras que abarca a sua produción desde finais do pasado milenio.

Em 2005, na Caixanova, realiza uma exposición com obras recentes, onde evidencia uma atmosfera mais intimista, de subtis matisés emocionais, com os quais elabora referencias paisagísticas persoais.

Em 2008, exhibe outra exposición, em Vilagarcía de Arousa, com uma intención totalizadora, na qual expõe pinturas sobre papel e objetos.

Actualmente, as suas obras têm uma destacada presenza em museus e coleccións institucionais e privadas. Expõe, com alguma regularidade, em França e na Holanda.

Destaca-se, na sua obra mais recente, a escultura pública, entre ela, a *Rosa do Mar*. É uma obra abstracta e de grande formato, realizada em 2008, implantada junto ao mar, numa área de recente construción. Dois anos mais tarde, conclui dois trabalhos escultóricos para o Concelho de Catoira, Pontevedra, intitula-dos *Contrapunto* e *Galicianos*.

Em 2010 a sua obra está presente na exposición itinerante do MACUF, intitulada “La lumier conme pinceau”, em Argel e participa na “Open Art Fair” de Utrech, apresentado pela galería Eduarte, de Amsterdão.

Na presente exposición, em Braga, Xaquín Chaves exhibe as suas *Obras Recentes*, simultaneamente, na Galeria Ikon e no Mosteiro de São Martinho de Tibães.

(Jorge García, outubro de 2011)

LUMINOSA BRÉTEMA

A arcadia de ríos, prados e bosques, a vexetación sensorial e rumorosa que rodea o estudio de Xaquín Chaves en Lois (Ribadumia) entra, inté-grase, habita as súas obras. Os grandes vitrais do taller teñen réplica eficaz nese “enmarcado” que, a xeito de xanela, permite albiscar atmosferas coloristas, ensoñadas, nunha poética que é tan abstracta como metafísica.

Acuosidade e esencialidade definen o último traballo de Xaquín Chaves. Nun proceso case ascético, abeirándose ao vello dito, “en pintura, o que sobra, estorba”, prescinde da masa, da materia, e limita os elementos. Pintura “habitada” que agocha unha vocación reflexiva, meditativa. Un pequeno detalle figurativo collido da biografía visual do artista, é incorporado coa intención de facer visibles as vivencias.

As manchas, de diversa tipoloxía, e as cores cálidas - rosas, amarelas, sienas...-, constitúen a base sobre a que asenta e medra esta pintura delicada, pulcra, silenciosa. Unha pintura case plana, sen fugas, con elementos soltos, suspensos, sobre fondos esluídos de tintas degradadas.

O proceso de elaboración, de varias pezas a un tempo, é dinámico; conflúe o consciente, o inconsciente e o aleatorio: o seco-do propicia texturas, gradacións, rastros do pincel; asemade a obra muta, modifícase ao intervila de novo, agromando por entre as novas capas restos anteriores. Xogo de veladuras, opacidades e transparencias que contribúe a “osixenar” a proposta resultante. Un proceso interno no que a mesma obra busca a

súa expresión, o encaixe, a resolución conxunta dos distintos factores.

O resultado último non sempre se axeita ao prantexamento inicial, debido a esa etapa de convivencia, diálogo, tensión e loita entre obra e artista.

(...)

No ronsel de Claude Monet e tantos outros, Xaquín Chaves é un pintor da pintura, un pintor que investiga e afonda no medio que ama. O cadro aparece estruturado por unha banda horizontal que aguanta, que fixa o espazo; ben mirado estamos ante re-interpretacións de temas clásicos: paisaxes, bodegóns, tratados de xeito diferente. A resolución das manchas e a gradación dos tons quedan en diferentes graos de execución, con densidades distintas, unhas saturadas outras ténues. Se acada-sen o mesmo acabado chegarían a abourar. En síntese, pode-mos concluír que a pintura de Xaquín Chaves reintegra a harmo-nía do natural, transcendido.

É unha pintura serena que parte da nudez e ten algo de estacio-nal, bretemosa, como os perfis das cousas despois da chuva.

Disque “limpo e belo” é o mesmo en xaponés, a mesma palabra expresa as dúas acepcións. Penso que tal condición lle acae a esta pintura, limpa e bela. Na mellor tradición da estética orien-tal e do expressionismo abstracto, Xaquín Chaves regálanos unha epifanía sensual de brillos e lampexos. Subtil, vexetal, atmosférica, a pintura de Chaves transita, desde a expectativa (imaxinaria) e a espera, a fraxilidade do ser.

(Xulio Valcárce)

Novembro/Dezembro 2011

Galeria de arte contemporânea Ikon

e

Mosteiro de São Martinho de Tibães



Despedida

Pigmentos s/ tela 100x100cm 2011



Exeo

Pigmentos s/ tela 130x162cm 2010



Mañanica

Pigmentos s/ tela 100x100cm 2011

OBRA RECENTE

Xaquín Chaves